

DATA

06/10/2013

ACTIVIDADE

CARREIRAS POR MONTAÑA

LUGAR

PARADA DE SIL - OURENSE

NOVAS

## CAMPIONATO DE ESPAÑA POR CLUBES EN PARADA DO SIL

Publicado el [octubre 10, 2013](#) por [HFC](#)



Boa actuación dos corredores de Xistra. Aínda sen acadar podio, os dous corredores de Xistra mostraron o seu bo facer nunha proba na que participaron os mellores de España.

Podedes ver máis información da carreira na [web da FGM](#).

**CAMPIONATO DE ESPAÑA POR CLUBES EN  
PARADA DO SIL O SESTAO ALPINO REVALIDA  
A SÚA HEXEMONIA EN 2013 O GALEGO  
FERNANDO ARCA TERCEIRO CLASIFICADO  
INDIVIDUAL NA PROBA**

By FGM | Published [octubre 9, 2013](#)



No incomparable marco do Canón do Sil tivo lugar o pasado domingo o Campionato de España de Carreiras por Montaña de Clubes na súa edición do ano 2013.

A proba comezou o 6 de outubro as 9 da mañan la VII Canón do sil (Campionato de España por Clubes), con densa neboa e ambiente fresco, pero a medida que foi transcurrido a carreira o calor foi tomando protagonismo ata acadar temperaturas de 24 grados e unha humidade do 45%.

A carreira tiña un percorrido de 33,5 Km. e un desnivel acumulado de 2220 m. positivos. A competición estivo dominada en todo momento por Ionut Zinca.



A proba que recibiu todos o parabéns dos participantes e dirixentes federativos onde participaron 180 corredores de toda a xeografía española rematau encabezando a clasificación por equipos os conxuntos do Sestao Alpino do País Vasco e CMP Mur i Castell da Comunidade Valenciana acadaron dous meritorios 1º e 2º postos seguidos polo CACUENCA DOLOMIA de Castela-A Mancha.

**Na clasificación individual masculina o orden foi :**

- 1º Ionut Alin ZINCA do Sestao Alpino (País Vasco)
- 2º Alfredo GIL do CMP. Mur i Castell (Comunidade Valenciana)
- 3º Fernando Arca do Club de Montaña Xesteiras (Galicia)

**A clasificación individual feminina foi a seguinte:**

- 1ª Beatriz Real de CACUENCA DOLOMIA (Castela-A Mancha)
- 2ª Lola Peñarrocha de CM GR33 (Comunidade Valenciana)
- 3ª Silvia Miralles de CMP Mur i Castell (Comunidade Valenciana)

**O primeiros clasificados por equipos foron os seguintes:**

- 1º CLUB SESTAO ALPINO (País Vasco)
- 2º CMP. MUR I CASTELL (Comunidade Valenciana)

3º CLUB CACUENCA DOLOMIA (Castela-A Mancha)

4º CLUB DE MONTAÑA M. GR 33 (Comunidade Valenciana)

5º CLUB EXCURSIONISTA CALLUS (Cataluña)

6º CLUB DE MONTAÑA XESTEIRAS (Galicia)

7º CLUBE DE MONTAÑA RIBEIRA SACRA-VIA XVIII (Galicia)

8º CLUB DE MONTAÑA TODO VERTICAL (Madrid)



En categoría masculina os corredores galegos acadaron uns meritorios postos 3º, 7º, 12º, 18º, 21º e 25º entre os vintecinco primeiros. En categoría feminina Sonia e Charo acadaron os postos 5º e 14º.

A competición contou coa participación de Árbitros Fedme comandados por Goyo Larrañaga (Coordinador de Arbitros Fedme) como Delegado e os Arbitros galegos Manuel Domínguez (Arbitro Principal). Raúl Leirós (Árbitro Auxiliar) e Miquel Martínez de la Comunidad Valenciana como Arbitro de Clasificaciones.

Tanto no Briefing previo a proba como na entrega de premios tomaron parte o Alcalde de Parada do Sil Francisco Magide, o Secretario Xeral de Federación Española de Deportes de Montaña y Escalada (Fedme) Miquel Lusilla, o Presidente da Federación Galega de Montañismo Adolfo Puch e o Director da proba Xosé Antón Vázquez Presidente do Clube de Montaña Ribeira Sacra e Coordinador e Seleccionador Galego de Carreiras por Montaña da F.G.M. .